

GUÍA DOCENTE DE **INSTRUMENTO I-VIII (PERCUSIÓN)**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: INSTRUMENTO I-VIII (PERCUSIÓN)										
ESPECIALIDADE	Interpretación								ITINERARIO	Percusión
CARÁCTER	Obrigatoria								TIPO DE CLASE	Individual
CURSOS	1º curso	2º curso		3º curso		4º curso		DEPARTAMENTO	Percusión	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1'5 h.
ECTS/CUAD.	9	9	9	9	10	10	10	12	Observacións:	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Desenvolvemento e perfeccionamento das capacidades artísticas, expresivas e técnicas do instrumento, así como dos hábitos de estudo. Coñecemento dos diferentes criterios interpretativos que conduzan a interpretación do repertorio máis representativo con valoración crítica, estilo propio e madurez creativa, así como a súa aplicación práctica na interpretación en público.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os requiridos na proba de acceso ao grao superior, e para cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuadrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	Dado o seu carácter eminentemente práctico, a sinerxía principal dáse coa disciplina de Repertorio con Piano acompañante sendo inherente á súa esencia e existencia. Débese considerar tamén a estratexia de intentar relacionar dentro do posible, o contido propio da materia coa anteriormente mencionada e coa de Música de Cámara, permitindo que as tres se poidan complementar.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T3, T6, T13, T15, T17
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X3, X6, X8, X11, X13, X21, X24
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI1, EI2, EI4, EI5, EI6, EI10
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
1. Adquirir hábitos de estudo correctos que permitan o desenvolvemento do sentido autocrítico, a capacidade de superación e a optimización de esforzo e tempo.	T 1, T 2, T 3, T 6, T 13, T 15; X 6, X 8, X 13, X 21, X24; E 1, E 2, E4, E 5.
2. Dominio das capacidades artística, musical e técnica, que permitan aborda a interpretación do repertorio nos instrumentos principais da familia da percusión.	T 1, T 2, T 6, T 13, T 15, T 17; X 1, X 3, X 6, X 8, X 11, X 13, X 24; EI 1, EI 2, EI 4.
3. Desenvolver a consciencia física e mental necesarias para unha interpretación de calidade, en aspectos como a relaxación, respiración, concentración e movemento.	T 6, T13, T15; X 1, X3, X11, X13; EI 2, EI4, EI5, EI6
4. Comprender e demostrar a comprensión mediante a interpretación dos distintos estilos musicais ao longo da historia, desenvolvendo e aportando ideas propias con criterio e coherencia.	T 1, T 2, T 3, T6, T13, T15, T17; X 1, X 3, X 6, X 13, X 15, X 21, X 24; EI 1, EI 2, EI 4, EI 5.
5. Desenvolver a esixencia de calidade sonora e adecuación tímbrica necesaria para cada obra.	T 1, T3, T 6, T13, T15; X 3, X8, X24; EI 2, EI 6



6. Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa cun repertorio de obras de dificultade adecuada a este nivel e tendo en conta os aspectos de arte escénica que debe ter un concerto.	T 1, T2, T3, T13, T15, T17; X 1, X 3, X 6, X8, X 11, X13, X 21, X24; EI 1, EI 2, EI 3, EI 4, EI 5, EI 10.
---	--

4. CONTIDOS

<p>Produción do son</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Timbre ou combinación de timbres máis axeitados para cada instrumento, en relación coa obra. 2. Baquetación 3. Articulación 4. Elección de baquetas, variñas e diferentes utensilios para a produción do son axeitado a cada situación musical. 5. Relación entre a técnica e produción dun son axeitado.
<p>Estudo do repertorio.</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Análise das obras. 2. Aplicación da técnica, fraseo, matices. 3. Audicións comparadas.
<p>Audición pública:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Preparación, organización e desenvolvemento.
Técnicas de estudo: exercicios e pasos a desenvolver para a interpretación das obras.

5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Clases prácticas	Presenciais	Todo o cuadrimestre
Audicións	Presenciais	Ao longo do cuadrimestre
Titorías	Presenciais	Ao longo do cuadrimestre
Traballo persoal	Non presenciais	Todo o cuadrimestre

6. AVALIACIÓN

<p>A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria. A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.</p> <p>No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á “avaliación alternativa” e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.</p> <p>*Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres.</p>
